



Os gastos en sanidade e reprodución das nosas explotacións, así como os de alimentación animal, que representan o 65% dos custos directos, son máis altos que os da media de EDF

AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO CONTEXTO EUROPEO

EDF (European Dairy Farmers) realiza anualmente unha comparación internacional de custos de produción do leite na que colabora o CIAM. Na análise de 2010 participaron 286 explotacións de 19 países europeos, das que 15 eran galegas, 10 catalás e unha de Castela e León. Tamén participaron explotacións de Rusia e Australia que só se tomaron en consideración para o cálculo das medias xerais de EDF. Aínda que este conxunto de explotacións carece de representatividade estatística, está composto polas mellores de cada país e, polo tanto, os seus resultados reflicten a tendencia xeral do sector lácteo en Europa e constitúen unha referencia de inestimable importancia.

Claudio López Garrido¹, Fernando Barbeito Nistal¹ e Steffi Wille-Sonk²

¹ Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

² Johann Heinrich von Thünen Institute

claudio.lopez.garrido@xunta.es, fernando.barbeito.nistal@xunta.es, steffi.wille@vti.bund.de

» AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS NO CONXUNTO DE EDF

Os ingresos das explotacións galegas, tanto os da venda do leite (33,3 €/100 kg ECM) coma os totais, son superiores á media de España e á de EDF. O mesmo acontece co prezo do leite, contrariamente ao que sosteñen algúns medios baseándose en datos non homoxeneizados. Na comparación de EDF, os cálculos efectúanse despois da estandarización do leite ao 4% de graxa e ao 3,4% de proteína e exprésanse en ECM (Energy-Corrected Milk).

Os gastos en sanidade (1,5 €/100 kg ECM) e reprodución (0,9 €/100 kg ECM) das nosas explotacións, así como

os de alimentación animal (12,1 €/100 kg ECM), que representan o 65% dos custos directos, son máis altos que os da media de EDF (táboa 1).

A pesar de que as explotacións galegas de EDF veñen reducindo os seus custos nos últimos anos, seguen sendo superiores aos da media xeral de EDF, tanto os directos (18,6 vs. 15,5 €/100 kg ECM) coma os totais (45,1 vs. 41,9 €/100 kg ECM).

Se non se consideran os custos de oportunidade, os resultados unitarios das explotacións galegas de EDF son bastante satisfactorios. De feito, a renda familiar é superior á da media de EDF (9,3 vs. 5,8 €/100 kg ECM), mais o limiar de rendibilidade I (prezo do leite que cobre os custos efectivos e as amortizacións) e o limiar de rendibilidade II (prezo que cobre os custos totais sen considerar o custo da cota) son peores, e os beneficios, con e sen primas desacopladas, menores.

SE NON SE CONSIDERAN OS CUSTOS DE OPORTUNIDADE, OS RESULTADOS UNITARIOS DAS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE EDF SON BASTANTE SATISFATORIOS: A RENDA FAMILIAR É SUPERIOR Á DA MEDIA DE EDF, PERO O LIMIAR DE RENDIBILIDADE I E O LIMIAR DE RENDIBILIDADE II SON PEORES

En relación con Cataluña e Castela e León, Galicia ten unha renda familiar máis alta, así como mellor limiar de rendibilidade I; pero o beneficio, con e sen primas desacopladas, é inferior e o limiar de rendibilidade II, peor (gráfico 1).

As explotacións españolas, e en particular as galegas, son moito máis pequenas cá media de EDF, na que inflúe moito o peso das grandes explotacións dos antigos países socialistas. Porén, comparadas coa media das explotacións que participan na análise de xestión da Xunta de Galicia, a media do grupo galego de EDF é superior en SAU, número de vacas, volume de produción de leite comercializado e carga gandeira. Porén, o seu rendemento leiteiro é inferior.

O menor tamaño das explotacións galegas implica menores amortizacións e menores gastos en conservación da maquinaria, enerxía, fuel e lubricantes, salarios e contratos ou alugamento de maquinaria. Na metodoloxía de EDF, a maquinaria e os contratos, así como a man de obra, están incluídos dentro do epígrafe dos custos do traballo porque se consideran factores alternativos.

A carga gandeira das nosas explotacións (2,4 vacas/ha) é superior á da media de EDF, aínda que inferior á das catalás. A nosa alta densidade gandeira aséntase nunha superficie forraxeira na que os prados ocupan o 48% da SAU, o que esixe un elevado consumo de concentrado. Para unha produción de 7.926 kg ECM/vaca, inferior á media de EDF (8.136 kg ECM/vaca), o noso consumo medio de concentrado sitúase en 7,3 kg/vaca/día (2,7 t/vaca/ano), que é superior á media de EDF, aínda que inferior á de Cataluña. En 2010, a produtividade do concentrado (3,2 kg de leite/kg de concentrado) incrementouse nun 3,1%, así como a cantidade de leite/vaca producido sen concentrados (2.618 kg ECM), que o fixo nun 22% (táboa 2).


Da menor dimensión dos rabaños en Galicia resulta unha inferior produtividade da man de obra (133 kg ECM/hora) fronte á media de EDF (190 kg ECM/hora). O gasto na

compra de animais e a taxa de eliminación de vacas en Galicia son inferiores á media de EDF, aínda que a variabilidade que se observa nas nosas explotacións dun ano para outro non permite extraer unha conclusión clara. »

Táboa 1. Ingresos e custos nas explotacións de EDF en 2010

INGRESOS (€/100 kg ECM)	Galicia	Cataluña e Castela	España	EDF
Venda de leite	33,3	32,2	32,8	29,9
Venda de gando e variación de inventario	2,7	2,8	2,7	4,1
Subsidios, axudas directas e balance do IVE	2,3	0,4	1,5	1,2
Outros ingresos	0,0	1,7	0,8	1,2
Ingresos totais	38,3	37,1	37,8	36,4
CUSTOS (€/100 kg ECM)				
Compra de animais	0,4	0,3	0,3	0,6
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,5	1,6	1,6	1,2
Inseminación e transferencia de embrións	0,9	0,6	0,8	0,7
Outros custos directos da produción animal	1,8	2,6	2,2	1,9
Compra de alimentos	12,1	15,0	13,3	8,9
Sementes	0,4	0,4	0,4	0,5
Fertilizantes	0,7	0,2	0,5	0,9
Pesticidas	0,2	0,1	0,1	0,3
Outros custos directos da produción vexetal	0,6	0,2	0,5	0,6
Custos directos	18,6	21,1	19,7	15,5
Custos salariais	2,2	3,5	2,7	2,9
Custo de oportunidade do traballo familiar	11,0	4,8	8,4	5,2
Contratos/alugamento de maquinaria	0,8	1,7	1,2	1,9
Conservación de maquinaria e vehículos	1,0	1,3	1,2	1,3
Fuel, lubricantes	1,3	1,0	1,2	1,0
Enerxía	0,3	0,8	0,5	0,9
Amortización de maquinaria e vehículos	1,6	1,0	1,4	2,1
Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos	0,6	0,2	0,4	0,7
Custo do traballo	18,8	14,4	17,0	16,0
Arrendamento de cota	0,0	0,1	0,0	0,2
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	1,1	1,0	1,1	0,8
Custo da cota	1,1	1,1	1,1	1,0
Mantemento de instalacións	0,5	0,3	0,4	0,5
Arrendamentos	0,1	0,1	0,1	0,1
Amortizacións de instalacións	1,4	1,8	1,6	2,1
Custo de oportunidade das instalacións	1,0	1,1	1,0	2,0
Custo das instalacións	3,0	3,4	3,2	4,8
Arrendamento de terras	0,5	0,5	0,5	1,0
Custo de oportunidade da terra	1,4	0,4	1,0	1,5
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos	0,0	0,0	0,0	0,0
Contribucións e cargas	0,1	0,0	0,1	0,2
Custos da terra	1,9	0,9	1,5	2,8
Outros custos	1,7	1,2	1,5	1,8
Custos totais	45,1	42,2	43,9	41,9
Custos efectivos	26,0	30,9	28,1	26,3
Amortizacións	3,1	2,9	3,0	4,3
Custos de oportunidade	16,0	8,5	12,8	11,3
RESULTADOS (€/100 kg ECM)				
Renda familiar	9,3	3,3	6,8	5,8
Beneficio I (sen primas desacopladas)	-6,8	-5,2	-6,1	-5,5
Beneficio II (con primas desacopladas)	-3,2	-2,3	-2,8	-1,8
Límite de rendibilidade I (sen o custo da cota)	24,1	28,8	26,1	23,9
Límite de rendibilidade II (sen o custo da cota)	39,0	36,3	37,8	34,4

Gráfico 1. Límites de rendibilidade I e II en Galicia, Castela-Cataluña, España e EDF



EN RELACIÓN CON CATALUÑA E CASTELA E LEÓN, GALICIA TEN UNHA RENDA FAMILIAR MÁIS ALTA, ASÍ COMO MELLOR LIMIAR DE RENDIBILIDADE I; PERO O BENEFICIO É INFERIOR E O LIMIAR DE RENDIBILIDADE II, PEOR

Só o grupo de cabeza, constituído polo 25% das mellores explotacións de EDF, logra ter beneficio, o que evidencia a difícil situación que atravesamos o sector lácteo en Europa.

Ao clasificar as explotacións en función do limiar de rendibilidade II e comparar os resultados medios cos do 25% das mellores, que constitúen o grupo de cabeza, e cos do 25% das peores, que conforman o grupo de cola, poden observarse algúns aspectos de interese (táboa 3).

En canto ao grupo de cabeza, o de Galicia ten peores resultados que o de EDF; pero, mentres as explotacións punteiras de Galicia se caracterizan pola intensificación dos seus sistemas, as de EDF son moi extensivas. Así o mostran as diferenzas en rendemento leiteiro (9.459 *vs.* 7.500 kg/vaca), a carga gandeira (3,7 *vs.* 1,6 vacas/ha) e, por conseguinte, a produtividade da terra (35.407 *vs.* 11.475 kg/ha) e o capital investido por vaca, que tamén é superior (4.249 *vs.* 3.573 €/vaca).


Ao comparar os grupos de cola, obsérvase que as diferenzas son menores e as explotacións galegas teñen unha renda familiar e un limiar de rendibilidade I superior, un beneficio I e un limiar de rendibilidade II inferiores, e un beneficio II semellante (gráfico 2). Curiosamente, neste caso, as explotacións galegas son menos intensivas que as de EDF, como mostran o rendemento leiteiro (6.017 *vs.* 8.125 l/vaca), a carga gandeira (1,3 *vs.* 1,6 vacas/ha), a produtividade da terra (8.904 *vs.* 13.136 l/ha) e o capital por vaca (3.752 *vs.* 8.363 €/ha).

O problema das nosas explotacións é a súa escasa base territorial en comparación con EDF, tanto na media (44 *vs.* 157 ha) coma no grupo de cabeza (66 *vs.* 246 ha) e no de cola (32 *vs.* 123 ha). En Galicia optouse pola intensificación porque era a única vía de expandir a produción, o que se fixo con relativo éxito; non obstante, iso

Táboa 2. Razóns das diferenzas de custos e ingresos nas explotacións de EDF en 2010


	Galicia	Cataluña e Castela	España	EDF
DATOS XERAIS				
Superficie total da explotación (ha)	44	52	47	392
Proporción de superficie arrendada (%)	33	49	40	50
Man de obra familiar total (traballadores)	2,0	1,7	1,9	1,5
Man de obra asalariada total (traballadores)	1,0	2,6	1,7	11,6
Número de vacas	106	181	138	221
Ingresos de leite sobre os totais (%)	92	92	92	80
PRODUCCIÓN DE LEITE				
Cota total dispoñible (t ECM 4% graxa)	779	1459	1067	1666
Produción total de leite (t ECM/ano)	935	1678	1249	1757
Leite vendido ás industrias (t ECM/ano)	931	1661	1240	1714
Contido de graxa (%)	4	4	4	4
Contido de proteína (%)	3	3	3	3
Rendemento leiteiro (kg ECM/vaca)	7.926	9.104	8.424	8.136
USO DO SOLO				
Superficie forraxeira (ha)	44	51	47	157
Superficie forraxeira arrendada (%)	33	49	42	50
Prados (% superficie forraxeira)	48	0	29	45
Labradío sobre superficie forraxeira (%)	50	91	70	40
Carga gandeira (vacas/ha)	2,4	3,9	3,2	1,6
Produtividade da terra (kg ECM por ha)	20.881	35.594	28.190	13.172
MAN DE OBRA				
Produtividade do traballo (horas/vaca)	81	52	68	60
Produtividade do traballo (kg ECM/hora)	133	203	163	190
CAPITAL				
Capital total (sen terra nin cota) (/vaca)	4.070	4.046	4.060	6.150
Maquinaria (/vaca)	897	436	702	1163
Construcións (/vaca)	1.265	1631	1.420	3.012
Gando (/vaca)	1.908	1.979	1.938	1.281
Produtividade do capital (kg ECM por 1.000)	2.064	2.378	2.197	1.767
MANEXO DO RABAÑO				
Ocupación da corte (%)	102	103	106	91
Idade ao primeiro parto (meses)	26	26	26	26
Intervalo entre partos (días)	164	427	421	407
Taxa de eliminación de vacas (%)	21	29	27	29
Produción de leite na vida útil da vaca (kg)		16.485	30.223	26.878
Mortalidade dos xatos (%)	6,6	13,9	11,5	11,1
ALIMENTACIÓN				
Consumo de concentrado (kg por vaca e día)	7,3	12,2	9,4	6,8
Produtividade concentrado (kg leite ECM/kg concentrado)	3,2	2,1	2,8	3,9
Leite producido sen concentrado (kg/vaca e ano)	2.618	184	1.588	3.217
PREZOS				
Prezo do leite (/100 kg ECM)	33,3	32,2	32,9	29,9
Prezo da vaca de sacrificio (/kg de peso vivo)	0,93	0,94	0,97	0,95
Prezo dos xatos (/xato)	80	94	86	133
Prezo de arrendamento da terra (/ha)	244	312	354	299
Salarios (/hora)	5,3	11,7	11,6	14,2
Prezo do concentrado (/t)	272	234	256	253

Gráfico 2. Limiares de rendibilidade I e II por grupos



implica unha grande dependencia externa dos alimentos para o gando e unha extrema vulnerabilidade fronte ás oscilacións dos prezos. En tanto non se implemente unha política de estruturas que facilite a mobilidade da terra para ampliar a base territorial das explotacións leiteiras galegas, pouco máis poden mellorar estas a súa competitividade. »

Gráfico 3. Limiares de rendibilidade I e II por países



COMPARACIÓN ENTRE PAÍSES SELECCIONADOS

A comparación dos nosos resultados coas medias dalgúns países seleccionados é máis ilustradora cá realizada coa media xeral de EDF. A tal efecto, escolléronse aqueles que participaron na análise cun número de explotacións non inferior a doce, coa excepción de Eslovaquia, que foi excluída porque a integración produtiva en conglomerados empresariais máis amplos impide considerar o custo da terra. Porén, incluíronse Italia e Portugal por proximidade, a pesar do escaso número de explotacións.

Os ingresos procedentes da venda do leite das explotacións galegas (33,3 €/100 kg ECM), así como os totais (38,3 €/100 kg ECM), só foron inferiores aos de Suecia e Italia. A pesar do seu pequeno tamaño, as explotacións galegas conseguen uns resultados aceptables en termos relativos. A renda familiar (9,3 €/100 kg ECM) só é inferior á de Francia e Polonia, e o beneficio sen primas desacopladas (-6,8 €/100 kg ECM) é superior ao de Dinamarca, Italia, Holanda e Portugal.

As explotacións irlandesas son as únicas que teñen beneficio sen primas desacopladas e as que presentan mellores resultados en termos de renda familiar e limiar de rendibilidade II. No beneficio con primas desacopladas, ademais das irlandesas, só as británicas e as polacas teñen resultados positivos. Os pésimos resultados de Dinamarca e Holanda débense ao elevado custo da terra e das instalacións. En Holanda tamén inflúe moito o custo da cota láctea. Este é, porén, o país cos custos directos máis baixos de EDF (táboa 4 e gráfico 2).

Os custos directos das explotacións galegas só son inferiores aos de Italia e Portugal, que son os máis altos de todos os países de referencia a causa, fundamentalmente, das compras de alimentos para o gando. Os gastos en sanidade animal en Galicia e Portugal son os máis elevados.

O custo do traballo en Galicia é o máis alto debido ao custo de oportunidade da man de obra familiar. Non obstante, o noso custo en instalacións só é superior ao do Reino Unido, e o da terra só é maior có de Bélxica, Portugal e Suecia. Os custos totais das explotacións galegas só son inferiores aos de Dinamarca, Italia, Portugal e Suecia.

As explotacións galegas de EDF teñen unha superficie forraxeira media (44 ha) igual á das belgas e maior cá das portuguesas, que son as máis pequenas. En número de

AS EXPLOTACIÓNS ESPAÑOLAS, E EN PARTICULAR AS GALEGAS, SON MOITO MÁIS PEQUENAS CÁ MEDIA DE EDF, PORÉN, O SEU RENDEMENTO LEITEIRO É INFERIOR

vacas, as nosas explotacións son semellantes ás francesas e a súa produción de leite comercializado é superior á de Bélxica, Francia e Portugal (táboa 5).

A carga gandeira en Galicia (2,4 vacas/ha) e a produción de leite por unidade de superficie (20.881 kg/ha) só son inferiores ás de Portugal. A alta densidade gandeira explica o elevado consumo de concentrado (7,3 kg/vaca e día), que só é inferior ao de Italia, Portugal, Alemaña e Suecia, aínda que cun rendemento por vaca tamén menor (7.926 kg/vaca) e que só supera ao de Irlanda, O Reino Unido e Polonia.

O resultado é unha produtividade do concentrado (3,2 kg leite/kg concentrado) que só é menor cá de Portugal, Italia e Suecia. A cantidade de leite producido sen concentrado (2.168 vs. 3.940 kg/vaca) só é maior cá de Portugal.

Da menor dimensión das nosas explotacións resulta unha baixa produtividade da man de obra (81 horas/vaca e 133 kg leite/hora), que só supera ás de Portugal e Polonia. Unha vantaxe das explotacións galegas é que o investimento por vaca, sen contar terra e cota (4.070 €/vaca), só é superior ao do Reino Unido (2.913 €/vaca) e Irlanda (3.184 €/vaca), países cuxo modelo de produción apenas require investimentos en instalacións.

EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS DE EDF (2007-2010)

Nos últimos catro anos, o tamaño das explotacións galegas medrou a maior ritmo que a media de EDF, tanto en número de vacas coma en produción de leite, aínda que seguen a ser moito máis pequenas (táboa 6).

O seu rendemento leiteiro en 2007 xa era menor cá media de EDF e, aínda que medrou ata 2010, fíxoo en menor medida que o conxunto de EDF (1,8% vs. 4,9%).


Con todo, a diferenza máis salientable na evolución deste período está nos ingresos totais, que sendo moi superiores en Galicia en 2007 (44,4 vs. 38,5 €/100 kg), foron diminuindo ata ser inferiores á media de EDF en 2010 (34,5 vs. 34,8 €/100 kg). Isto débese a que o descenso dos ingresos pola venda do leite (-21,1% vs. -6,2%) e de animais (-65,9 vs. -5%) foi moito máis acentuado en Galicia.

O aumento dos custos totais é xeral, pero en Galicia incrementáronse en maior medida (6,2% vs. 4,1%). Iso non se debe aos custos directos, que en Galicia mesmo diminuíron un 2,1%, aínda que sigan sendo superiores á media de EDF, senón aos do traballo (que inclúen os de maquinaria, enerxía e contratos). Mentres para o conxunto de EDF se mantiveron estables, en Galicia, onde xa eran algo máis altos, aumentaron un 11,5%. O outro factor foi a elevación dos custos de oportunidade en Galicia nun 11,3% en tanto se reducían un 6,7% na media de EDF, que xa era inferior en 2007.

As explotacións galegas de EDF teñen unha superficie forraxeira media (44 ha) igual á das belgas e maior cá das portuguesas, que son as máis pequenas



Gráfico 4. Limiars de rendibilidade I e II en 2007 e 2010



O resultado foi un drástica baixa da renda familiar, máis acentuada en Galicia, aínda que siga a ser máis alta que a media de EDF, así como do beneficio. Aínda que o empeoramento dos limiars de rendibilidade é xeral, no caso galego prodúcese de maneira algo máis atenuada ca no conxunto de EDF (gráfico 4).

Esta deterioración dos resultados dáse a pesar da mellora da produtividade do traballo, tanto en horas/vaca coma en kg ECM/hora e produtividade da terra, provocadas polo aumento da carga gandeira e do rendemento leiteiro.

O capital investido por vaca seguiu a aumentar no conxunto de EDF (17,5%) mentres se reducía a súa produtividade (10,5%). Polo contrario, o capital investido por vaca en Galicia diminuíu lixeiramente (-2,4%) e a produtividade do capital mantívose.

NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS, O TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS GALEGAS MEDROU A MAIOR RITMO QUE A MEDIA DE EDF, TANTO EN NÚMERO DE VACAS COMA EN PRODUCCIÓN DE LEITE, PERO O RENDEMENTO LEITEIRO SEGUE SENDO MENOR

CONCLUSIÓNS

Aínda que nos últimos anos o tamaño das explotacións galegas medrou a maior ritmo cá media de EDF, tanto en número de vacas coma en produción de leite, seguen a ser moito máis pequenas. Da menor dimensión das nosas explotacións resulta unha baixa produtividade da man de obra. Porén, unha das súas vantaxes é o seu baixo investimento por vaca. Con todo, conseguen uns resultados relativos aceptables no contexto europeo, pero a súa escasa base territorial limita as posibilidades de mellora da súa competitividade.

Os custos directos das explotacións galegas son dos máis altos de todos os países de referencia. Isto débese, fundamentalmente, ás compras de alimentos para o gando e aos gastos en sanidade animal.

Na evolución dos resultados, o máis salientable é que sendo os ingresos das explotacións galegas superiores aos do resto en 2007 acabaron por debaixo da media de EDF en 2010. A causa disto é que a diminución do prezo do leite e dos ingresos pola venda de animais foi máis acentuada en Galicia. Por outra parte, a pesar da mellora da produtividade do traballo e da terra, os custos totais tamén aumentaron máis que no conxunto de EDF a causa do incremento dos relativos ao traballo e dos custos de oportunidade. »

Táboa 3. Valores medios xerais e dos grupos de cabeza e cola de EDF en 2010

Número de explotacións	Unidade	Galicia			EDF		
		Media	Cabeza	Cola	Media	Cabeza	Cola
		15	4	4	289	72	72
Tamaño do rabaño	vacas	106	215	37	221	311	159
SAU	ha	44	66	32	157	246	123
Produción de leite	t ECM/explotación	935	2.055	220	1.757	2.255	1.272
Produción vendida ás industrias	t ECM/explotación	931	2.051	214	1.714	2.207	1.235
Rendemento leiteiro	kg ECM/vaca	7.926	9.459	6.017	8.136	7.500	8.125
Ingresos totais	/100 kg ECM	38,3	39,0	41,2	36,4	34,5	40,0
Ingresos do leite	/100 kg ECM	33,3	32,7	35,4	29,9	28,0	33,0
Venda e variación de animais	/100 kg ECM	2,7	4,5	1,6	4,1	4,5	4,0
Subsidios e balance do IVE	/100 kg ECM	2,3	1,4	4,1	1,2	1,3	1,4
Outros ingresos	/100 kg ECM	0,0	0,4	0,1	1,2	0,7	1,6
Custos totais	/100 kg ECM	45,1	36,5	56,9	41,9	31,4	54,5
Custos directos	/100 kg ECM	18,6	20,1	17,7	15,5	13,0	18,4
Custos relativos ao traballo	/100 kg ECM	18,8	10,9	30,0	16,0	11,7	22,3
Custos das construcións	/100 kg ECM	3,0	3,1	3,0	4,8	2,4	6,9
Custos da terra	/100 kg ECM	1,9	0,8	3,0	2,8	2,4	3,4
Outros custos	/100 kg ECM	1,7	0,8	1,9	1,8	1,3	2,6
Custos da cota	/100 kg ECM	1,1	0,9	1,4	1,0	0,7	1,0
Custos efectivos	/100 kg ECM	26,0	28,2	26,1	26,3	21,4	33,2
Amortizacións	/100 kg ECM	3,0	2,1	4,0	4,3	2,6	6,0
Custos de oportunidade	/100 kg ECM	16,0	6,2	26,8	11,3	7,5	15,3
Renda familiar	/100 kg ECM	9,3	8,8	11,2	5,8	10,5	0,8
Beneficio I (sen primas desacopladas)	/100 kg ECM	-6,8	2,5	-15,7	-5,5	3,0	-14,5
Primas desacopladas prorrateadas	/100 kg ECM	3,6	2,0	6,4	3,8	2,8	5,3
Beneficio II (con primas desacopladas)	/100 kg ECM	-3,2	4,5	-9,3	-1,8	5,8	-9,2
Limiar de rendibilidade I	/100 kg ECM	24,1	24,0	24,3	23,9	17,3	32,1
Limiar de rendibilidade II	/100 kg ECM	38,9	29,4	49,7	34,4	24,2	46,6
Retribución do traballo	/hora	8,1	17,4	1,7	3,9	15,8	-6,7
Traballo	horas/vaca	81	50	131	60	65	65
Produtividade do traballo	kg ECM/hora	133	203	62	190	198	163
Carga gandeira	vacas/ha	2,4	3,7	1,3	1,6	1,6	1,6
Produtividade da terra	kg ECM/ha	20.881	35.407	8.094	13.172	11.475	13.136
Capital (sen terra nin cota)	/vaca	4.070	4.249	3.752	6.150	3.573	8.363
Produtividade do capital	kg ECM/1.000	2.064	2.264	1.742	1.767	2.548	1.218

Táboa 4. Ingresos e custos da actividade leiteira nalgúns países europeos en 2010

	Galicia	Bélxica	Alemaña	Dinamarca	Francia	Irlanda	Italia	Holanda	Polonia	Portugal	Suecia	O Reino Unido
INGRESOS (/100 kg ECM)												
Venda de leite	33,3	29,6	27,1	32,6	30,2	29,6	38,2	27,4	27,7	31,9	36,2	26,7
Venda de gando e variación de inventario	2,7	3,5	4,2	3,2	4,8	5,2	3,4	3,5	4,1	3,9	4,8	3,7
Subsidios, axudas directas e balance do IVE	2,3	0,7	1,0	1,2	1,5	0,9	1,6	0,0	1,8	1,8	2,0	0,3
Outros ingresos	0,0	0,2	0,6	1,0	1,5	0,0	2,2	2,6	0,3	0,1	1,1	0,3
Ingresos totais	38,3	34,0	32,9	38,0	37,9	35,8	45,3	33,5	34,0	37,7	44,0	31,0
CUSTOS (/100 kg ECM)												
Compra de animais	0,4	0,1	1,0	0,3	0,6	0,0	0,8	0,4	0,4	0,0	0,7	0,7
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,5	1,4	1,2	1,1	1,4	1,2	1,3	1,1	0,8	2,0	1,0	1,1
Inseminación e transferencia de embrións	0,9	0,6	0,4	0,7	0,8	0,6	0,4	0,8	0,5	0,7	1,2	0,4
Outros custos directos da produción animal	1,8	1,9	1,8	2,5	2,5	2,3	1,3	1,1	1,6	1,8	2,2	2,1
Compra de alimentos	12,1	7,5	7,8	9,6	7,0	5,9	13,4	6,4	6,0	17,3	10,6	6,9
Sementes	0,4	0,4	0,5	0,7	0,9	0,1	0,8	0,3	0,6	0,8	0,4	0,3
Fertilizantes	0,7	0,8	0,8	0,5	0,9	2,2	0,5	0,8	2,1	0,6	0,8	1,1
Pesticidas	0,2	0,3	0,3	0,4	0,5	0,1	0,2	0,1	0,6	0,4	0,1	0,1
Outros custos directos da produción vexetal	0,6	1,1	0,5	0,8	1,1	0,1	0,1	0,2	0,5	1,3	1,2	0,3
Custos directos	18,6	14,1	14,2	16,5	15,5	12,6	18,8	11,2	13,1	25,0	18,2	13,0
Custos salariais	2,2	0,9	2,8	3,9	2,6	2,0	3,5	1,2	1,2	2,4	6,0	3,9
Custo de oportunidade do traballo familiar	11,0	6,6	4,6	2,5	8,0	4,1	4,6	6,2	4,5	2,4	5,2	2,1
Contratos/alugamento de maquinaria	0,8	2,7	2,0	2,9	2,0	1,6	1,2	2,8	0,9	1,0	2,8	1,8
Conservación de maquinaria e vehículos	1,0	1,0	1,5	0,8	1,2	1,3	1,4	2,1	0,6	1,4	1,3	0,9
Fuel, lubricantes	1,3	0,5	1,3	0,9	0,9	0,0	1,3	0,6	1,9	1,0	1,2	0,7
Enerxía	0,3	1,2	0,9	1,3	0,5	0,6	1,1	1,2	0,9	1,0	1,1	0,6
Amortización de maquinaria e vehículos	1,6	2,6	2,2	0,9	3,0	1,2	1,3	2,5	2,4	3,4	1,9	1,7
Custo de oportunidade da maquinaria e vehículos	0,6	0,7	0,5	1,0	0,6	0,5	1,8	0,4	1,5	2,6	0,7	0,4

Táboa 4. Ingresos e custos da actividade leiteira nalgúns países europeos en 2010 (cont.)

	Galicia	Bélica	Alemaña	Dinamarca	Francia	Irlanda	Italia	Holanda	Polonia	Portugal	Suecia	O Reino Unido
Custo do traballo	18,8	16,3	15,6	14,3	18,7	11,3	16,2	17,0	14,0	15,2	20,1	12,0
Arrendamento da cota	0,0	0,0	0,2	0,0	0,0	0,0	0,1	0,7	0,0	0,0	0,0	0,0
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	1,1	1,5	0,5	1,1	0,0	0,7	0,5	2,9	0,1	0,0	0,0	0,1
Custo da cota	1,1	1,5	0,7	1,1	0,0	0,7	0,6	3,7	0,1	0,0	0,0	0,1
Mantemento de instalacións	0,5	0,0	0,3	1,4	0,4	0,8	0,1	0,7	0,4	1,0	0,8	0,7
Arrendamentos	0,1	0,0	0,2	0,8	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1
Amortizacións das instalacións	1,4	2,3	1,7	3,1	2,6	0,9	3,5	3,1	1,2	0,8	3,2	0,6
Custo de oportunidade das instalacións	1,0	1,5	1,0	3,1	1,7	1,3	6,6	2,7	3,3	1,6	2,3	0,9
Custo das instalacións	3,0	3,8	3,1	8,5	4,7	3,0	10,2	6,4	4,9	3,4	6,4	2,2
Arrendamento das terras	0,5	1,1	1,2	1,2	1,7	1,5	1,4	1,1	0,4	0,5	1,1	1,2
Custo de oportunidade da terra	1,4	0,6	1,0	3,2	0,2	2,5	1,6	3,1	2,4	0,9	0,5	1,4
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,2	0,1
Contribucións e cargas	0,1	0,0	0,1	0,3	0,1	0,0	0,5	0,5	0,2	0,0	0,0	0,1
Custos da terra	1,9	1,7	2,2	4,8	2,1	3,9	3,5	4,7	3,1	1,5	1,8	2,7
Outros custos	1,7	1,8	1,7	1,8	2,7	1,7	3,1	1,5	0,9	0,6	2,3	1,2
Custos totais	45,1	39,2	37,6	47,0	43,8	33,2	52,3	44,6	36,0	45,8	48,9	31,3
Custos efectivos	26,0	22,4	25,3	30,8	26,1	20,9	31,4	23,3	19,6	32,8	33,6	23,2
Amortizacións	3,1	5,1	3,9	4,1	5,8	2,2	4,8	5,6	3,6	4,2	5,1	2,3
Custos de oportunidade	16,0	11,7	8,4	12,0	11,9	10,1	16,1	15,7	12,8	8,7	10,1	5,8
RESULTADOS (/100 kg ECM)												
Renda familiar	9,3	6,6	3,7	3,0	6,1	12,7	9,1	4,6	10,8	0,6	5,3	5,5
Beneficio empresarial I (sen primas desacopladas)	-6,8	-5,2	-4,7	-9,0	-5,8	2,5	-7,0	-11,1	-2,0	-8,1	-4,8	-0,3
Beneficio empresarial II (con primas desacopladas)	-3,2	-1,7	-1,0	-5,8	-2,0	6,2	-2,9	-7,2	1,0	-5,9	-1,1	2,9
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	24,1	23,0	23,1	29,5	24,1	17,0	29,0	22,0	16,9	31,3	30,9	21,1
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	39,0	33,2	31,1	40,5	36,0	26,4	44,6	34,8	29,7	40,0	41,0	26,8

Táboa 5. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2010

	Galicia	Bélica	Alemaña	Dinamarca	Francia	Irlanda	Italia	Holanda	Polonia	Portugal	Suecia	O Reino Unido
Número de explotacións	15	14	36	14	32	12	4	48	28	2	19	18
DATOS XERAIS												
Superficie total (ha)	44	58	385	385	166	91	100	88	341	32	328	257
Superficie arrendada (%)	33	57	67	67	92	36	55	29	28	22	52	47
Traballadores familiares	2,0	1,4	1,4	1,4	2,1	1,5	2,1	1,4	2,0	1,0	1,4	1,4
Traballadores asalariados	1,0	0,2	7,3	7,3	1,3	0,8	3,3	0,3	10,8	2,2	4,6	3,8
Número de vacas	106	86	295	295	88	166	163	145	154	108	207	323
PRODUCCIÓN DE LEITE												
Produción leite (t ECM/ano)	935	755	2.524	3.056	736	992	1.728	1.185	1.146	916	2.039	2.359
Leite para industria (t ECM/ano)	931	739	2.473	2.985	710	962	1.710	1.179	1.098	909	1.987	2.337
Contido de graxa (%)	3,66	4,12	4,08	4,51	4,03	4,06	3,90	4,38	4,16	3,72	4,13	4,22
Contido de proteína (%)	3,20	3,42	3,42	3,60	3,33	3,48	3,45	3,46	3,29	3,25	3,37	3,39
Rendemento leiteiro (kg ECM/vaca)	7.926	8.949	8.538	9.523	8.463	5.966	9.981	8.301	7.208	8.493	9.826	7.040
USO DO SOLO												
Superficie forraxeira (ha)	44	44	259	215	86	90	99	85	182	21	257	220
Superficie forraxeira arrendada (%)	33	57	68	18	90	35	55	30	29	39	53	45
Prados (% superficie forraxeira)	48	10	55	3	26	99	20	84	33	0	20	61
Labradío (% superficie forraxeira)	50	41	43	70	40	1	80	16	61	100	31	17
Carga gandeira (vacas/ha)	2,4	2,0	1,3	1,4	1,1	2,0	1,8	1,8	0,9	5,1	0,8	1,5
Produtividade da terra (kg ECM/ha)	20.881	17.817	10.964	12.832	9.395	11.526	17.905	14.697	6.689	43.580	8.152	10.906
MAN DE OBRA												
Produtividade traballo (horas/vaca)	81	46	44	29	58	30	70	32	114	91	56	31
Produtividade traballo (kg/hora)	133	208	225	339	158	204	151	270	79	105	191	241
CAPITAL												
Total (sen terra nin cota, /vaca)	4.070	5.151	5.085	9.419	6.268	3.184	22.625	7.249	6.625	8.842	8.262	2.913
Maquinaria (/vaca)	897	1.235	1.060	1.887	1.025	669	4.147	785	2.148	4.373	1.335	511
Construcións (/vaca)	1.265	2.210	2.144	4.913	2.224	998	15.897	5.492	2.841	2.110	3.811	862
Gando (/vaca)	1.908	1.380	1.125	1.260	1.470	1.473	2.581	972	1.165	1.276	1.433	1.190

Táboa 5. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2010 (cont.)

	Galicia	Bélxica	Alemaña	Dinamarca	Francia	Irlanda	Italia	Holanda	Polonia	Portugal	Suecia	O Reino Unido
Outros (/vaca)	0	305	623	1.312	1.362	45	0	0	405	1.083	1.408	283
Produtividade do capital (kg/1.000)	2.064	2.066	2187	1.319	1.547	1.992	439	1.269	1.366	961	1.353	2.813
MANEXO DO RABAÑO												
Idade ao primeiro parto (meses)	25,6	25,8	27,2	25,3	28,5	23,6	26,3	25,5	25,5	26,1	26,3	25,1
Intervalo entre partos (días)	164	411	406	378	420	397	434	412	405	409	394	382
Taxa de eliminación das vacas (%)	21,4	30,4	29,8	35,4	29,9	17,3	39,9	31,4	21,9	22,7	41,3	19,6
Produción leite na vida útil da vaca (kg)		32.747	28.346	19.160	19.996	19.583	21.529	28.614	32.876	0	24.990	30.702
Mortalidade dos xatos (%)	6,6	11,6	10,3	10,6	11,2	10,0	10,4	13,1	9,8	13,6	10,1	8,9
ALIMENTACIÓN												
Consumo concentrado (kg/vaca día)	7,3	6,8	7,6	6,0	5,3	3,3	11,9	6,2	5,9	9,0	8,1	5,8
Produtividade concentrado (kg leite/kg concentrado)	3,2	3,8	3,4	5,0	5,0	5,4	3,0	3,8	4,0	2,6	3,1	3,8
Leite producido sen concentrado (kg /vaca)	2.618	4.101	3.078	5176	4.622	3.568	4.333	3.780	2.927	1.924	3.940	2.803
PREZOS												
Leite (/100 kg ECM)	33,3	29,6	27,1	32,6	30,2	29,6	38,2	27,4	27,7	31,9	36,2	26,7
Vaca de sacrificio (/kg peso vivo)	0,93	1,03	0,87	0,94	1,36	1,09	0,79	0,73	0,81	0,55	1,09	0,82
Xatos (/xato)	80	149	123	113	122	103	111	142	147	68	189	88
Arrendamento da terra (/ha)	244	356	205	376	168	445	634	464	100	600	133	276
Salarios (/hora)	5,3	10,2	11,8	19,3	23,5	12,7	14,0	19,3	3,0	3,9	18,1	14,3
Venda da cota (/kg, 4% de graxa)	0,30	0,37	0,13	0,27	0,00	0,20	0,12	0,75	0,02	0,02	0,00	0,03
Concentrado (/t)	272	241	227	270	265	200	333	192	262	162	360	225

Táboa 6. Evolución das explotacións de EDF 2007-2010

Variable	Explotacións Unidade	EDF		Galicia	
		132		8	
		2007	2010	2007	2010
Tamaño do rabaño	Vacas	223	229	93	101
Produción de leite	t ECM/explotación	1.703	1.834	774	885
Produción de leite comercializable	t ECM/explotación	1.666	1.795	771	881
Ingresos totais	Euros/100 kg ECM	38,5	34,8	44,4	34,5
Venda de leite	Euros/100 kg ECM	30,9	29,0	39,9	31,5
Venda e variación de animais	Euros/100 kg ECM	4,0	3,8	4,4	1,5
Subsidios e balance do IVE	Euros/100 kg ECM	1,8	0,7	0,2	1,4
Outros ingresos	Euros/100 kg ECM	1,7	1,3	0,0	0,0
Custos totais	Euros/100 kg ECM	38,9	40,5	42,2	44,8
Custos directos	Euros/100 kg ECM	13,2	14,7	19,0	18,6
Compra de alimentos	Euros/100 kg ECM	7,5	8,6	12,2	11,9
Compra de fertilizantes	Euros/100 kg ECM	0,9	1,0	1,1	0,7
Custos relativos ao traballo	Euros/100 kg ECM	15,4	15,4	16,6	18,5
Compra de gasoil	Euros/100 kg ECM	0,9	0,9	1,1	1,4
Custos das construcións	Euros/100 kg ECM	3,5	4,3	2,8	2,5
Custos da terra	Euros/100 kg ECM	2,9	2,9	1,9	2,1
Outros custos	Euros/100 kg ECM	1,7	1,8	1,2	2,0
Custos da cota	Euros/100 kg ECM	2,2	1,4	0,8	1,2
Custos efectivos	Euros/100 kg ECM	22,9	25,2	24,5	25,2
Amortizacións	Euros/100 kg ECM	4,1	4,2	2,8	2,9
Custos de oportunidade	Euros/100 kg ECM	12,0	11,2	15,0	16,7
Renda familiar	Euros/100 kg ECM	11,5	5,5	17,2	6,4
Beneficio 1	Euros/100 kg ECM	-0,5	-5,7	2,3	-10,4
Primas desacopladas prorrateadas	Euros/100 kg ECM	2,8	3,9	4,2	3,3
Beneficio 2	Euros/100 kg ECM	2,3	-1,8	6,5	-7,1
Limiar de rendibilidade 1	Euros/100 kg ECM	19,3	23,3	22,7	25,2
Limiar de rendibilidade 2	Euros/100 kg ECM	29,3	33,3	36,9	40,7
Produtividade do traballo 1	horas/vaca	52	47	72	67
Produtividade do traballo 2	kg ECM/hora	197	208	110	128
Rendemento leiteiro	kg ECM/vaca	7.634	8.009	7.391	7.527
Carga gandeira	vacas/ha	1,5	1,6	2,1	2,2
Produtividade da terra	kg ECM/ha	12.390	13.163	16.725	18.693
Capital (sen terra nin cota)	Euros/vaca	4.760	5.591	3.762	3.673
Produtividade capital	kg ECM/1.000	2.069	1.851	2.215	2.204